

Número 14 - Ano 2021

ACTA

da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día 20 de decembro de 2021.

Ás dezasete horas e cinco minutos do día vinte de decembro de dous mil vinte e un; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense por medios telemáticos os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, que xustificou a súa ausencia por atoparse de baixa.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente a Interventora Xeral Municipal accidental dona María Baza Poudereaux.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac581661296680011557.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-12-2021

A presente sesión foi convocada por resolución da Alcaldía de data 15 de decembro de 2021 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/155 ORZAMENTO XERAL DA CORPORACIÓN 2022

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, o seguinte ACORDO:

1/155 ORZAMENTO XERAL DA CORPORACIÓN 2022.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 7 de decembro de 2021, do seguinte teor literal:

“O proxecto do Orzamento Xeral Consolidado da Corporación para o ano 2022 ascende nivelado en ingresos e gastos a 106.876.755,64 euros e atende o cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e sostenibilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012, e está integrado polos seguintes orzamentos:

- O da propia Corporación, que nivelado en ingresos e gastos ascende a 106.876.755,64 euros.
- O da empresa EVISLUSA, que nivelado en ingresos e gastos ascende a 346.062,13 euros .
- O Orzamento da propia Corporación distingue entre gastos e ingresos correntes, de capital e financeiros, en euros:
 - Gastos correntes:94.878.979,65 €
 - Ingresos correntes:99.158.279,88 €
 - Gastos de Capital:11.897.775,99 €
 - Ingresos de Capital:2.018.475,76 €
 - Gastos financeiros:100.000,00 €
 - Ingresos financeiros:.....5.700.000,00 €

O Orzamento da empresa EVISLUSA distingue entre:

- Gastos..... 346.062,13 €
- Ingresos..... 346.062,13 €

Os estados de gastos e ingresos por Capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

RESUMO POR CAPÍTULOS

ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€)
ESTADO DE GASTOS

A) OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulos:

1.- Gastos de persoal	32.922.773,93
2.- Gastos en bens correntes e servizos	55.466.757,03
3.- Gastos financeiros	37.000,00
4.- Transferencias correntes	6.052.448,69
5.- Fondo de Continxencia e outros imprevistos	400.000,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulos:

6.- Investimentos reais	11.146.414,99
7.- Transferencias de capital	751.361,00

C) OPERACIÓNS FINANCIERAS

Capítulos:

8.- Activos financeiros	100.000,00
9.- Pasivos financeiros	0

TOTAL ORZAMENTO106.876.755,64

ESTADO DE INGRESOS

A) OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulos:

1.- Impostos Directos	37.059.467,00
2.- Impostos Indirectos	4.692.590,00
3.- Taxas e outros ingresos	26.524.255,79
4.- Transferencias correntes	30.133.517,09
5.- Ingresos Patrimoniais	748.450,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulos:

6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
7.- Transferencias de capital	2.018.475,76

C) OPERACIÓNS FINANCIERAS

Capítulos:

8.- Activos financeiros	100.000,00
9.- Pasivos financeiros	5.600.000,00

TOTAL ORZAMENTO106.876.755,64

ORZAMENTO DA EMPRESA EVISLUSA (€)

A) GASTOS

- Aprovisionamentos (actividade)	0,00
- Gastos de Persoal	288.646,17
- Outros gastos de explotación (xerais)	57.415,96

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac581661296680011557.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-12-2021

TOTAL	346.062,13
B) INGRESOS	
- De explotación (Actividades singulares)	34.000,00
- Outros ingresos explotación (Act. Ord.)	312.062,13
TOTAL	346.062,13

ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO**ESTADO DE GASTOS (€)****A) OPERACIÓNS CORRENTES**Capítulos:

1.- Gastos de persoal	33.211.420,10
2.- Gastos en bens correntes e servizos	55.524.172,99
3.- Gastos financeiros	37.000,00
4.- Transferencias correntes	5.706.386,56
5.- Fondo de Continxencia.....	400.000,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITALCapítulos:

6.- Investimentos reais	11.146.414,99
7.- Transferencias de capital.....	751.361,00

C) OPERACIÓNS FINANCEIRASCapítulos:

8.- Activos financeiros	100.000,00
9.- Pasivos financeiros	0,00

TOTAL ORZAMENTO **106.876.755,64**
ESTADO DE INGRESOS**A) OPERACIÓNS CORRENTES**Capítulos:

1.- Impostos Directos	37.059.467,00
2.- Impostos Indirectos	4.692.590,00
3.- Taxas e outros ingresos	26.524.255,79
4.- Transferencias correntes	30.133.517,09
5.- Ingresos Patrimoniais	748.450,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITALCapítulos:

6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
7.- Transferencias de capital	2.018.475,76

C) OPERACIÓNS FINANCEIRASCapítulos:

8.- Activos financeiros	100.000,00
9.- Pasivos financeiros	5.600.000,00

TOTAL ORZAMENTO **106.876.755,64**

Así mesmo, inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da propia Entidade.

Ó Orzamento Xeral únense como anexos:

- 1º. Plan de Investimentos do 2022.
- 2º. Proposta da xerencia da sociedade mercantil do Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa EVISLUSA.
- 3º. O estado de consolidación de tódolos orzamentos que integran o Xeral.
- 4º. Estado de previsión da débeda.

Ó Orzamento da propia Corporación únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2020, resumida por capítulos.
- Avance da liquidación de 2021, resumida por capítulos en ingresos e gastos, referenciada a 30.09.2021.
- Anexo de persoal.
- Anexo de investimentos que se prevén realizar no exercicio, debidamente codificado.
- Informe económico-financeiro.
- Informe da Intervención Xeral.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2022, e a elevación o Excmo. Concello Pleno para a adopción dos seguintes acordos:

1º. Aprobar o Orzamento Xeral Consolidado para o exercicio 2022 que ascende nivelado en ingresos e gastos a **106.876.755,64** euros, e atende o cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei **2/2012**, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira; o Orzamento está integrado polo Orzamento da Propia Corporación que ascende a **106.876.755,64** euros nivelado en gastos e ingresos e o Orzamento da empresa EVISLUSA, que ascende nivelado en ingresos e gastos a **346.062,13** euros, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ó expediente.

2º Aprobar o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

3º. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2022, según consta en documento anexo ao expediente."

2.- INFORMES DE INTERVENCIÓN de datas 7 de decembro de 2021, obrantes no expediente.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac581661296680011557.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-12-2021

3.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 15 de decembro de 2021.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o Orzamento Xeral Consolidado para o exercicio 2022 que ascende nivelado en ingresos e gastos a **106.876.755,64** euros, e atende o cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei **2/2012**, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira; o Orzamento está integrado polo Orzamento da Propia Corporación que ascende a **106.876.755,64** euros nivelado en gastos e ingresos e o Orzamento da empresa EVISLUSA, que ascende nivelado en ingresos e gastos a **346.062,13** euros, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ó expediente.

SEGUNDO.- Aprobar o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2022, según consta en documento anexo ao expediente.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois para iniciar esta quenda de intervencións ten a palabra a concelleira de Gobernanza, a señora Alvarelos, 6 minutos, tal e como estipularamos cos portavoces de dobrar os tempos do día de hoxe, así que nesta primeira intervención 6 minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Boas tardes a todos e a todas.

O proxecto de orzamentos que presentamos para este ano 2022 continúa coa folla de ruta marcada por este Goberno para o presente mandato, pensando fundamentalmente en tres grandes obxectivos: o primeiro, impulsar o desenvolvemento da nosa cidade; tamén consolidar os servizos públicos que garanten a nosa calidade de vida; e tamén apostar por unha contorna natural de referencia.

Os anos 2020 e 2021 estiveron absolutamente condicionados pola pandemia, polo que o exercicio do 2022 haberá de ser necesariamente o da recuperación tanto da vida social como da economía local. Para iso, faremos unha xestión orzamentaria rigorosa e adaptable aos distintos escenarios que se vaian producindo. Este proxecto de orzamentos xerais ascende a 106.876.755 €. Recolle un aumento dos ingresos e gastos municipais respecto ao ano 2021 motivado pola esperada estabilidade dos ingresos municipais e tamén o significativo incremento das achegas pola participación nos tributos do Estado en 5.500.000 € e, aínda que se prevé a apelación a pasivos financeiros por importe de 5.600.000 €, é previsible a súa substitución por fontes propias de financiamento, mantendo a débeda cero que acadou a alcaldesa desde que chegou a este Goberno.

O proxecto de orzamentos recolle os compromisos asumidos a inicios deste mandato para a consecución dunha cidade moderna e avanzada. O primeiro compromiso, unha mobilidade sustentable e segura. No ano 22 o servizo de transporte colectivo de bus urbano implantarase na súa totalidade, coa plena entrada en funcionamento do resultado das modificacións que se vaian realizando atendendo á configuración e demandas dos usuarios; polo tanto, incrementarase a dotación de crédito en 292.000 €. Tamén as obras do carril bici, que logo da súa execución neste ano, estarán plenamente operativas no ano 2022, polo que impulsaremos accións de promoción e uso da bicicleta.

A mobilidade e as infraestruturas dirixidas a efectivizala incorporan investimentos de 2.880.000 €. A isto poderanse sumar as cantidades que proveñan de fondos europeos, coa ambiciosa aposta desta Alcaldía de conseguir un centro histórico totalmente peonil. Para iso, destínanse no orzamento 584.000 €.

Tamén temos o compromiso da seguridade cidadá. Este Goberno continúa coa súa aposta por dotar o Corpo de Policía Local e os servizos de prevención e extinción de incendios dos recursos persoais para o adecuado desenvolvemento do seu labor; pero tamén recursos materiais necesarios, cun investimento de 144.000 € para o Servizo de Policía e 381.000 € para o Servizo de Prevención de Incendios.

Tamén temos o compromiso asumido cos servizos públicos e o coidado das persoas. O concepto de gasto corrente máis importante deste Concello é o referido á limpeza e recollida de residuos: 13.800.000 euros. O novo contrato de limpeza suporá un cambio radical no concepto deste servizo, renovarase todo o sistema de colectores e incrementarase significativamente os medios persoais e materiais.

Tamén temos un compromiso co progreso social, recorrendo activamente aos valores colectivos. O programa orzamentario de políticas sociais, benestar, persoas maiores e infancia tamén se ve incrementado co servizo de apoio ás persoas

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac581661296680011557.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-12-2021

maiores, axuda a domicilio, que se incrementarán en preto de 500.000 €; atención aos centros de día, cun incremento do 39%; consolidándose tamén as axudas de emerxencia social ou aluguer, cun investimento de 600.000 €.

Temos tamén un compromiso coa cooperación e o desenvolvemento, continuando coa posta en marcha de actividades que favorezan a adquisición de hábitos saudables en nenos e maiores. E igualmente cuestións vinculadas á sanidade animal; merece destacar, por exemplo, o proxecto para a obra de rehabilitación e construción dun novo centro de protección animal que se fará con financiación externa.

Temos tamén un compromiso coa xuventude. Contará cun orzamento de preto de 600.000 € para impulsar o Consello da Xuventude e os programas de lecer e tempo libre. Por suposto, o compromiso coa igualdade, o desenvolvemento do Plan de igualdade e prevención da violencia machista, con 808.000 €. Un compromiso tamén coa economía verde e o emprego, destinándose no 2022 para a promoción de emprego a contía de 4.665.000 €.

Temos tamén un compromiso co desenvolvemento dos barrios e deseño da cidade do futuro: revisarase o PXOM, crearase unha nova zona verde no entorno do parque Rosalía de Castro; o Plan biodinámico, que se acometerá no ano 22; actuacións nos barrios, 150.000 euros para mobiliario urbano, 800.000 para pavimentación, 1.200.000 para creación e reformas integrais de solos infantís, etc. Tamén podas, conservación e mantemento de zonas verdes e arboredo, que son unha prioridade; aquí imos dedicar 3.347.000 € cun incremento de preto de 1,5 millóns para dar cobertura ao innovador contrato actualmente en licitación. Tamén a mellora da iluminación pública, por exemplo, por importe de 150.000 € no rural, e que alcanzará na súa totalidade 1.600.000 euros.

Tamén temos un compromiso evidente cunha cidade viva, cun millón de euros destinado a dinamizar a cidade, que se executará case na súa totalidade no 2022. E outras que teñen un sabido efecto positivo na actividade comercial, como son o Caudal Fest, o Arde Lucus ou as festas patronais, que incrementan o seu crédito en 200.000 euros ata alcanzar un importe dun millón de euros.

E tamén temos un compromiso a favor dunha xestión próxima, responsable e aberta, destinando fundamentalmente ao asociacionismo...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, continúa na segunda quenda. Quenda agora para a portavoz de Cidadáns, 6 minutos, señora Louzao.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moi boas tardes a todos e a todas. Cando desde o noso grupo comezamos a preparar este debate, decatámonos de que ben poderíamos ter repetido as mesmas verbas do ano pasado, porque fixeron vostedes exactamente o mesmo: nin un só contacto para presentar un borrador sobre o que traballar ou sobre o que presentar emendas, e logo falan vostedes do rodillo do señor Feijóo na Xunta. E tampouco o máis mínimo respecto institucional, presentan o proxecto de orzamentos aos medios de comunicación antes que ao resto dos grupos e, por suposto, convocan unha Comisión de Contas para asistir a ler uns folios porque nin unha soa resposta ás dúbidas e preguntas plantexadas.

Deixou ben claro a concelleira gobernanta, a señora Alvarellos, que pouco ou nada sabe de en que se van gastar os cartos públicos de todos os lucenses o resto de concelleiros deste bigoberno ou tampouco lle interesa moi ben que teñamos esa información. Calquera das dúas respostas non a deixan en moi bo lugar. Unha vez máis, unha comisión de paripé que segue a ser para o que máis lles gusta, para aparentar. Puideron amosar nesta ocasión que si son de verdade un bigoberno ben avenido, dialogante, amigo do consenso, pero optaron vostedes de novo pola soberbia, o escurantismo e pola chulería, e vouno dicir así, que lles outorga a maioría.

Aínda non aprenderon vostedes que gobernar en maioría non é sinónimo de facer as cousas ben, si de facer o que lles dá a gana, aínda que non sexa o que é mellor para esta cidade e para os nosos veciños. Optaron vostedes por non mudar en nada os seus vellos costumes, polo que pouco poderíamos esperar do contido real duns orzamentos única e exclusivamente dirixidos a manter a política propagandística na que tan cómodos se senten e tan felices son e que, pola contra, tantos inconvenientes xera aos lucenses.

A señora Alvarellos e a señora alcaldesa fixeron unha somera presentación destas contas. Máis de 106 millóns de euros, millóns, din, que serán o motor da recuperación económica e social e impulso da cidade verde, unhas contas expansivas e solidarias. Os orzamentos máis inversores do mundo mundial, a mesma letanía coa que anuncian as contas cada ano que acaban sendo sempre nun 60% de execución enchendo os bancos de cartos públicos pola incapacidade de xestionalos.

E esta vez tampouco ía ser menos, pero desde o noso grupo queremos destacar varias cuestións que si son contraditorias co afirmado pola alcaldesa. Estas contas superan as de 2021 en pouco máis de 300.000 euros. Para ser as da recuperación, parécenos que son bastante escasas, e tendo en conta ademais que nas achegas externas van superar os 5,5 millóns de euros e que recorren vostedes a un endebedamento de 5,6 para cadrar estas contas.

Porque a realidade é que a señora Alvarellos está comprobando de primeira man, como xa lle dixemos en repetidas ocasións, que a capacidade de ingresos desta Administración é incapaz de soportar o gasto desorbitado e sen control que vostedes están a manter e que seguirán incrementando con esa manía súa de levar a cabo proxectos innecesarios en lugar de analizar con calma ou con sentido común o que necesita realmente esta cidade e os nosos veciños. Pódelles esa ansia súa nesa carreira que se traen entre vostedes por ver quen ocupa a noticia do día, caendo a maioría das veces nunha improvisación que está a ser nefasta. Este ano nin tan sequera revisaron a fiscalidade, a pesar de pedirilles e reiterarlles en varias ocasións que convocasen a mesa de ordenanzas, nin caso.

Dicía a señora Alvarellos que son moi optimistas cos ingresos municipais de cara ao 2022, o que xerou un novo interrogante no noso grupo: contan vostedes con ingresar 1.300.000 euros menos en impostos directos e só incrementan vostedes en pouco máis de 400.000 os indirectos e as taxas. Un optimismo un pouco xustiño, a verdade. Pero está claro que é necesario afrontar con optimismo os ingresos para pasar logo ao capítulo dos gastos, porque seguramente aí si que pasaron do

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac581661296680011557.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-12-2021

optimismo ao susto, e por que?, porque máis de dous millóns de euros en persoal, o mesmo co capítulo de contratos, o que lles deixaba apenas marxe para novos investimentos propios. Así que houbo que encher as contas co endebedamento para ter con que contentar os seus socios de Goberno, que con este ritmo de gasto case nin contan cunha partida para conos que tanta falta lles fai.

E, cando entramos ao detalle destas contas, os cartos que se destinan ás distintas partidas hai unha enorme decepción, sobre todo porque vostedes venden como extraordinario a acción normal dun goberno: manter a cidade cun mobiliario urbano en condicións, con parques e xardíns en perfecto estado, con rúas asfaltadas, iluminadas, con pasos de peóns pintados... Iso simplemente é xestión de Goberno. Certo é que nos tiña moi mal acostumados, de aí que cada día á señora Méndez o almorzo non lle sente moi ben comprobando como o señor Arroxó posa co casco de obra revisando unha rúa a asfaltar ou un novo pintado de paso de peóns, cousa que ela non fixo cando puido facelo.

Dicía o señor Penas estes días pasados que trataron de incluír propostas do resto dos grupos nas súas partidas. Home, agradecemoslle o xesto, pero iso non é negociar uns orzamentos, é recoller as demandas da cidadanía e o abandono que existe nalgúns zonas da cidade. Porque esa é a súa responsabilidade, darlle resposta a eses problemas, e tamén lles adianto que estaremos vixiantes se non o levan a cabo. Pero estou convencida de que, se tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego se sentaran nunha mesa co noso grupo, hoxe as contas serían ben distintas, ou parecidas, quen sabe?, porque ao mellor tiñamos a oportunidade de que nos explicasen en que se van gastar os cartos e ao mellor ata compartiamos o seu destino. Pero xa non o poderemos saber, porque xa nos dirán vostedes a que van destinar case 600.000 en Xuventude?; din que en poñer en marcha o Consello da Xuventude, pero é que iso non custa cartos. Ademais, estamos de acordo con iso, en que se poña en marcha, pero nin un só euro custa, simplemente vontade política. Din que máis de 800.000 € que dedican á área da muller, cando en realidade que quedan fóra da área de persoal están case 250.000. Ou a que se van destinar os máis de 3 millóns de euros que aparecen en promoción de emprego en conceptos de novos investimentos; ou a que van dedicar os 200.000 euros máis en programación cultural; ou por que se incrementa a partida do San Froilán; ou tamén que non existe nin un só euro para abastecemento do rural. Tamén nos gustaría que nos explicasen a que se van dedicar os máis de 410.000 € que existen á marxe do persoal no programa de protocolo e gabinete da alcaldesa, que nos custa aos lucenses tanto como o Servizo de Urbanismo e Licenza xuntos ou o dobre do de Contratación, por poñer un exemplo. Isto ten moi pouca xustificación, señora alcaldesa. E tamén nos sorprende que os seus socios de Goberno, tan críticos no pasado con este tipo de cuestións, hoxe calen e traguen.

Ten servizos colapsados...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, finalizou a súa quenda, e tócalle agora a quenda ao portavoz do Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Señora Alvarellos, intenta vostede vendernos estes orzamentos para 2022 como as contas da recuperación económica, do impulso verde e tamén como sociais e solidarias. Miren, para ser uns presupostos pensados para a recuperación económica, non debería vostedes baixar as partidas para bolsas de emprego, estudos e pensións, nin tampouco deberían diminuír un 24% os investimentos reais, que baixaron dos 14 millóns de euros en 2021 aos 11 millóns de euros en 2022. Como poden dicir que son uns presupostos de impulso verde cando non dedican nin un só euro para completar ese cinto verde da cidade a pesar de que lles brindamos a oportunidade de intermediar incluso cos propietarios deses terreos? E como poden dicir que son solidarios e sociais cando diminúe a partida de promoción e reinserción social de 505.000 euros en 2020 aos 216.000 neste ano?; e non incrementan nin un só euro na partida de emerxencia social de 300.000 €.

E non me volva dicir, señora Alvarellos, que non hai demanda, iso é que vostedes están a mirar para outro lado. Miren, estes orzamentos non son reais, son ficticios e, ademais, son unha bomba de fume, e por riba son propagandísticos; precisamente en gastos improdutivos é onde vostedes teñen as maiores partidas de gasto. Rexeitaron chegar a consensos co grupo maioritario da Corporación, é lamentable a súa falta de respecto cos milleiros de lucenses que nos votaron.

Señores do bigoberno, o noso grupo en varias ocasións pedímoslles que se reunisea Mesa de Ordenanzas e tamén a Comisión de Contas para abordar as novas ordenanzas e poder facer alí propostas para os orzamentos de forma detallada. E vostedes, coma sempre, a calada por resposta. Aínda así, nós fixemos unha batería de propostas, 76 concretamente, para que as puidesen estudar e ter en conta no seu borrador; e o único que nos dixeron é que as presentabamos tarde. Pois mire, señora Alvarellos, máis tarde nolas presentou vostede a nosoutros, con escaso tempo para analizalas e presentándoas á prensa, como dixo tamén a portavoz de Ciudadanos, antes que aos grupos da Corporación.

E por que lles dicimos que son uns orzamentos inflados e ficticios? E aquí voume remitir aos seus propios datos: se nos imos á última conta xeral cerrada, que é de 2020, observamos que os ingresos reais de 2020 foron de 74,7 millóns de euros. Agora ben, se collemos este borrador de orzamentos para 2022, temos que os gastos correntes, é dicir, en persoal e gastos a empresas que prestan servizo no concello, suman en total 88,3 millóns de euros, polo que estaríamos xa por riba do ingresado realmente.

Espero que na réplica a señora Alvarellos nos poida aclarar esta dúbida. Ou non será, señora Alvarellos, que pensan vostedes dar un sablazo nas ordenanzas fiscais e por iso non nolas presentaron? Miren se inflan vostedes os ingresos, a pesar de que estou seguro de que son conscientes diso e por iso lles vou poñer varios exemplos.

En licenzas urbanísticas prevén vostedes ingresar 800.000 euros, cando a última recadación real é de 315.000 euros, un desfase do 61%, e seguimos co servizo practicamente bloqueado, sen atención presencial polo momento.

No imposto de rodaxe prevén vostedes ingresar 6 millóns de euros e a última recadación foi de 4,8 millóns de euros, isto implica unha suba do 19%.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac581661296680011557.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-12-2021

Prevén ademais ingresar 100.000 € por entradas a museos e, que eu saiba, non se cobra nos museos municipais. Tamén nolo aclararán.

E por último, como exemplo, direilles que pretenden vostedes ingresar 35.000 euros por terrazas e, señora Alvarellos, aquí parece que lle está levando vostede a contraria á señora alcaldesa, pois ela acaba de anunciar que non van cobrar os próximos seis meses as terrazas.

E, xa para nota, temos a partida na que inclúen baixo o epígrafe de “gastos diversos”, e xa lles digo, eu xa comprobei o outro día que vostedes non se molestaron en sumar todas esas epígrafes, pero non se preocupen, xa o fixemos nós e ademais desglosámolas por áreas socialistas e nacionalistas. Así, as áreas do Partido Socialista teñen preto de 2.000.000 € e as áreas do BNG en total, 2,6 millóns de euros. Así, neste caixón de xastre púlsenos vostedes nada máis e nada menos que 4,6 millóns de euros para os seus imprevistos, as súas festas e chocolatadas e os seus actos de autobombo e propaganda. Todo un exemplo de rigorosidade e de transparencia.

Pero, se desmenuzamos máis polo miúdo estas partidas, vemos como os señores de BNG, os que prometían esa transparencia e boa xestión aumentan preto de 800.000 euros nese tipo de gastos improdutivos e sácanos ademais do seu departamento de Infraestruturas. É dicir, quitan orzamentos de investimentos para melloras de vías e obras para dedicalos aos seus trapicheos e afíns. Por certo, esas desavenencias neste bigoberno tamén non saen moi caras aos lucenses porque non se poñen nin colorados por duplicar áreas de goberno. De feito, transforma a concellaría do PSOE de Promoción de Emprego nunha concellaría paralela de Obras, sacándoa para contrarrestar e sabotear os nacionalistas. Polo tanto, isto non é que...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Vaile trasladar agora a quenda ao concelleiro de Infraestruturas, que saltei eu a orde de intervención, pedindo desculpas ao portavoz do Partido Popular. Despois, na segunda quenda recuperaremos a orde habitual. Así que 6 minutos para o tenente de alcaldesa, o señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Moi bo día a todas e todos.

Primeiramente dicir que, evidentemente, estamos nunha situación social de crise económica vida desta crise sanitaria que vimos de padecer e, polo tanto, que poidamos ter uns orzamentos antes de rematar o ano, sen dúbida, é unha moi boa nova. E ademais uns orzamentos que son expansivos, con proxectos que son realmente necesarios e queridos pola cidade. E son uns orzamentos que apostan por continuar nunha liña de construír unha cidade moito máis amable, viva e sobre todo orgullosa de si.

Con eles unha das cousas que se quere é continuar dándolle realmente importancia ao espazo público, seguilo transformando para que poida ser usado polos veciños e veciñas de Lugo. Temos que ser conscientes de que durante décadas o espazo urbano foise deseñando para ser realmente pensado para os vehículos, deixando

moi pouco espazo para as persoas, e nos últimos anos todas as cidades están tendo esta tendencia, e Lugo por suposto non pode ser menos e por iso se contempla nestas partidas orzamentarias.

Tamén é importante seguir avanzando na seguridade vial, é algo básico de cara a que todas as persoas cando saen da súa casa e se dirixen a calquera espazo poidan saber que van por un camiño que é totalmente seguro. E por iso van realmente intervencións importantes, como poden ser para o calmado do tráfico, como poden ser para avanzar en peonalizacións e semipeonalizacións e, sobre todo, nos entornos escolares, que son os puntos onde sabemos que se debe ter unha maior percepción e unha maior sensibilidade con isto. E tamén, como non pode ser doutro xeito, avanzar nunha cidade orgullosa de si e por tanto avanzar nunha cidade viva, unha cidade que estea chea de cultura e unha cidade que poida ser desfrutada polos seus veciños e veciñas.

Porque entre as partidas, e gustaríame tamén mencionar algunhas que se presentan nestes orzamentos, algunha delas xa comentada pola concelleira de Economía, como pode ser xa a partida para ese 20% de incremento de quilómetros que houbo de transporte público, dado que se fixo un novo deseño que permite ese incremento que xa levamos sete meses tendo; avanzar, como dicía, na mellora da seguridade, por iso van obras como pode ser para mellorar a rúa Xesús Bal e Gay, a praza de Alacante, a rúa Aquilino IglesiasAlvariño, que vai ademais ligada a que dentro de pouco máis dun mes comezarán as obras de Lamas de Prado, de renovación desa rúa, e polo tanto continuarase intervindo nese barrio que ten un importante número de deficiencias coñecidas por todas e todos.

Tamén se continúa na liña da renovación do alumeadado público, e isto é moi importante porque, por unha banda, estamos mellorando a iluminación en puntos que sabemos que hai puntos de sombra, porque o alumeadado co paso dos anos foi quedando antigo e que ademais nos permite aforrar moita enerxía, sendo positivo primeiro para as arcas do Concello e tamén sendo positivo para o medio ambiente porque consumimos moita menos enerxía. Vólvese introducir outra partida para avanzar na mellora dos polígonos industriais, en concreto 400.000 euros para que poidan ter as mellores infraestruturas alí, que lles permitan poder desenvolver a súa actividade económica o mellor posible. Seguiremos introducindo partidas para mellorar en xeral as pavimentacións, tanto de beirarrúas como de calzadas, de todo o concello; para seguir poñendo en valor o cemiterio con eses 190.000 euros que van permitir renovar os teitos de nichos que tamén polo paso dos anos precisan ser renovados, para crear ese centro expositivo sobre a historia do cemiterio ou para introducir novo mobiliario.

Igual que na Praza de Abastos ou o Mercado, onde se vai instalar un sistema de climatización que é algo nos dous edificios, que é algo que vén sendo solicitado polas persoas que alí traballan e que sabemos que, sobre todo nos meses de verán, é moi necesario.

En definitiva, estes son uns orzamentos que apostan por seguir avanzando, como dicía ao principio. Ademais, neste momento hai que poñer unha marcha máis, porque poñer unha marcha máis significa mellorar na economía desta cidade e significa mellorar no benestar das persoas. E é o momento tamén de poñer altura

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac581661296680011557.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-12-2021

de miras e non irse a queixar, digamos, aos pequenos detalles, senón que ver a cidade dende arriba e ver todo o que se ten que avanzar. E, polo tanto, é importante ter en conta que, cando se fai este traballo, e así o dicía Castelao, non hai que poñerlles tachas ás obras, non hai que poñerlle tachas á obra, quen queira traballar que traballe, que aquí hai sitio para todos.

E si, si que se recollen propostas da oposición, como se solicitaba. De feito, moitas das propostas que van nestes orzamentos son baseadas en acordos plenarios que, evidentemente, se inclúen aí e se van poder levar adiante.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda; 3 minutos para a concelleira de Gobernanza, tenente de alcaldesa, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. O primeiro que lle quero dicir, señor Carballo, é que hai expresións que son absolutamente inaceptables: trapicheos, pulir... Mire, a orde, a moderación e a elegancia na exposición nun Pleno creo que son fundamentais e parece mentira, señor Carballo, que teña que dicirillo a vostede. Dito isto, só quero contestarlle a unha cousa, empezar por unha cousa: di vostede que presentamos estes orzamentos tarde, e así tamén o dixo o outro día, o xoves pasado, que presentabamos estes orzamentos tarde. Espero que mañá no Pleno de orzamentos da Xunta de Galicia diga vostede o mesmo, que o diga alí en alto e que eu o escoitei, aplaudireille. Tamén é certo que presentaron vostedes 76 propostas, é certo, que día as presentaron? O día 3 de decembro ás 14.12 horas, 3 de decembro, venres. O 6 era festivo, luns; o 7 distribuíronse por parte de Rexistro; e nós o 10 presentamos os orzamentos. Polo tanto, en todo caso, a min nin mas mandaron, mandáronas a Intervención, pero a min como concelleira de Economía non tiven o gusto e o honor de recibilas. Cal é o obxecto? Ou ben retrasar, porque querían retrasar pero non o conseguiron evidentemente, ou cumprir o expediente; probablemente era iso, para que non se vexa o pouco que traballan. Pero, bueno, dito isto, si é certo que fixemos un estudo das propostas o día 9, a véspera de presentar os presupostos. O 30% é competencia da Xunta, das propostas que fan; espero que mañá no Pleno de orzamentos da Xunta de Galicia defenda esas propostas. Estarei atenta, como lle digo, e aplaudireille. O 35% están previstas ou en execución, como dixo tamén o tenente de alcalde primeiro hai un momento, moitas delas foron como consecuencia de acordos plenarios; pero voulle poñer algún exemplo, só algún: a adhesión á Rede de concellos emprendedores Doing Business, pero se xa lles contestei no Pleno de novembro, pero é que xa lle explicou aos cidadáns por que hai que repercutir o custo dun servizo que os técnicos municipais, como empregados públicos, fan gratuitamente? Xa llo explicou á xente? Ou quen vai ser responsable das posibles irregularidades destes proxectos de obra que se poden outorgar. Bueno, como xa lles dixen, falan vostedes de *business* mais que de *doing*; é dicir, facilidade para facer negocios. E xa non digo nada das bonificacións fiscais coas propostas xa rexistradas polo Grupo Municipal do PP, non sei onde as presentaron, probablemente rexistráronas

en *EL Progreso*, en *La Voz de Galicia*, non sei onde. A min a día de hoxe non me chegou ningunha proposta, polo tanto... E xa non diga reservar unha partida de 100 € ao mes polo nacemento dun fillo. Mañá quero escoitalo, señor Carballo, mañá no Pleno de orzamentos da Xunta de Galicia a ver se fai vostede esa proposta, que é competencia da Xunta de Galicia, señor Carballo. Non vou continuar...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou a súa quenda. Segunda quenda para a portavoz de Cidadáns, a señora Louzao, 3 minutos.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señor Arroxo e señora Alvarellos, miren, o que hoxe presentan vostedes precisa de moita fe, fe nun bigoberno que precisamente non se caracteriza nin pola súa transparencia nin polo seu acerto nas súas decisións, nin pola súa credibilidade, aspectos que, compartirán comigo, son indispensables para ter fe. Así que nos queda optar pola imaxinación. E, miren, votar uns orzamentos fiándose só do que nos parece ou do que pode ser parécenos absolutamente irresponsable e falto de rigor. E, como vostedes ben saben, se por algo nos caracterizamos o Grupo Municipal de Ciudadanos é por ser responsables e rigorosos. Hoxe poderían contar con dous votos apoiando estas contas, pero preferiron vostedes optar por ese rodillo que tanto lles gusta cando tocan poder. Logo de repasar, como fixemos antes nas partidas de gastos, vamos preguntarnos por todas as partidas que faltan: a praia fluvial, das grandes piscinas pasamos a un acceso ao río e agora a nada. Hai ben tempo, señor Arroxo, que non lle escoitamos nada acerca deste tema, parece que esqueceu ese ton seu de ser o único capaz de arranxar as carencias da nosa cidade, pero mellor que estea calado non vaia ser que nos pase como nos buses. Crea tantas expectativas que logo pasa o que pasa, absoluta decepción. Nin un só euro para o Auditorio; se tantas ganas teñen de abrillo, polo menos adicarlle un programanestas contas para dentro do capítulo de gastos, pero nin iso. Nin un só euro novo para rehabilitación de vivendas, cando Lugo é unha das cidades co parque urbano máis envellecido, co maior número de vivendas baleiras máis alá do casco histórico, porque é necesario ir mudando a imaxe que levan os nosos visitantes co paseo interior da Muralla e tampouco nin un só euro.

Podemos preguntarnos polo abastecemento e saneamento do rural, tampouco. E tamén podemos preguntarnos por que neste ano tampouco hai un só euro para os orzamentos participativos, unha mostra máis que evidente de que a vostedes a participación lles produce unha reacción adversa, canto máis lonxe mellor. Nós preferimos adicar cartos públicos a este tipo de accións, vostedes céntranse nun carril bici en contra da opinión da cidadanía ou en levantar pasarelas inútiles.

E por suposto que falta o mantemento de todos os seus grandes proxectos: o Edificio Verde, o Centro Social da Piringalla, o de Abellas, bañeiras de auga quente, porque supoñemos que terán luz, terán auga, terán persoal, terán bombonas para queantar a auga, cuestións estas indispensables e tamén importantes porque seguirán engordando o seu xa groso e amplo capítulo de gastos. Déixano todo vostedes en mans do remanente, como solución a todos os seus males de xestión, que por enriba son o resultado da incapacidade para executar unhas contas que

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac581661296680011557.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-12-2021

deben poñer ao servizo da cidadanía e non aos caprichos e aos contentos dun bigoberno cada vez máis preocupado en destacar máis que o seu socio, e esta non é política de altura, señora Alvarellós.

Con estes mimbres, señores do bigoberno, e coñecendo como coñecen o noso grupo municipal, que xa son uns cantos anos, entenderán que estamos moi lonxe de compartir estas contas e, polo tanto, de seguro que xa non lles fai falta que lles digamos cal vai ser o sentido do noso voto.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o concelleiro de Infraestruturas, 3 minutos, señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas, alcaldesa.

O certo é que nestes debates, evidentemente, todo o mundo fala segundo o ve. Pero realmente hai visións que son totalmente opostas e radicalmente opostas. E, ademais, bueno, falar de que se centra todo, como viña dicir agora a voceira de Cidadáns, nos remanentes, primeiramente non é certo, porque por exemplo neste último ano practicamente se executaron todos os proxectos que había nos orzamentos. Están adxudicados ou xa se fixeron directamente, e polo tanto creo que ademais foron unhas contas que permitiron nun ano moi difícil, como foi o ano 2021, poder sacar adiante grandes proxectos que van ser moi importantes para a cidade e que, ademais, tamén inflúen directamente na economía da cidade, porque nestes momentos o que non poden facer as administracións é o que fixo Rajoy no seu día: pechar o grifo. Teñen que facer todo o contrario, e de feito toda Europa se está dando conta de que precisamente en momentos de crise as propias administracións, que é de primeiro de... (non se entende) ... o que teñen que facer é investir.

Despois, comentaba que non había partidas para poder facer nada no novo Auditorio. Bueno, hai 865.000 euros, que se pode ver para actividade cultural. A actividade cultural pódese facer no Gustavo Freire, pódese facer no Vello Cárcere, pódese facer no MIHL, pódese facer na rúa, pódese facer no novo Auditorio. Cando se fai actividade cultural pódese facer nos diferentes sitios e, polo tanto, iso é unha cuestión de interpretación pero non é a realidade. E polo tanto, ao final nestes orzamentos seguramente, se Cidadáns ou o Partido Popular, ou Cidadáns co Partido Popular fixesen unhas contas, seguramente sexan diferentes, porque, se non, teríamonos presentado pola mesma lista.

Pero, dende logo, estes van ser os que van permitir avanzar a Lugo, como así foron os que vimos de facer hai un ano e que se estiveron executando durante este ano 2021, que eu creo que foron exemplares e que ademais dende todas as áreas do Goberno se traballou moi ben para que se puidesen levar adiante.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do Partido Popular, o señor Carballo, 3 minutos.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Mire, señora Alvarellos, a min vostede non me vai dar clase de ética nin de nada, porque vostede para min desde logo que non é ningún modelo a seguir.

E, mire, señor Arroxo, parece que vostede quere meter unha marcha máis, pero polo que vemos a alcaldesa quere deixalo en punto morto, vámolos deixar aí polo momento.

Miren, o que verdadeiramente lle interesou a este bigoberno nestes orzamentos foi chegar a ese acordo do 60-40, pero nada máis, porque despois non teñen un modelo claro de cidade de futuro. E xa lles adianto que nós non imos apoiar estes orzamentos pola súa falta de rigor, porque non son uns presupostos que Lugo necesita para esta recuperación pospandémica e, ademais, están pensados máis para ter réditos políticos que nos réditos económicos e sociais dos lucenses.

E tamén deixei para esta segunda intervención miña o desprezo que teñen estes presupostos en relación ás 54 parroquias do rural. Rebaixan a inversión no rural en 154.000 euros, olvidándose das necesidades de saneamento e abastecemento. Tampouco reflexan ningunha partida para o novo Auditorio; seguen vostedes sen saber que facer co novo Auditorio, e mentres tanto séguese deteriorando de forma alarmante e probablemente teñamos alí un novo Garañón 2.

Tampouco vemos partida algunha para a posta en marcha e posta en funcionamento desas mal chamadas Caldas do Miño, nin para o edificio Impulso Verde. E xa nos dirán que pensan vostedes, como pensan construír esa zona pública de baño con 0 € nos presupostos. Seguen sen apostar pola banda e a Escola de Música, e aquí non se olviden, señores do Bloque, que levan máis de dous anos levando esta área e non vemos avance ningún.

E tamén, señora Alvarellos, xa nos dirá se son suficientes eses 400.000 euros que van destinados aos polígonos industriais para renovar a rede de abastecemento que tanto demandan os industriais e que ademais vén recollido nese informe municipal de enxeñaría que propoñían unha renovación da rede de abastecemento como consecuencia do incendio do Ceao.

E, en canto ás transferencias doutras administracións ás contas do Concello, a señora Alvarellos non di toda a verdade, di que verdadeiramente subiron 6 millóns de euros; si, subiron 6 millóns de euros nunha partida que pasa de 17 a 23 millóns de euros, pero existe outra partida no 2021 de 3 millóns de euros, que queda en 10.000 €. Polo tanto, hai que facelo todo en conxunto.

E, xa para rematar, señora Méndez e señor Arroxo, vemos que a vostedes lles importa pouco o tema dos orzamentos, porque, bueno, a día de hoxe antepuxeron as axendas dos partidos á axenda do Goberno municipal. Pois a señora...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois a axenda quedará para mañá. Finalizamos as quedas de intervencións coa concelleira de Gobernanza, coa señora Alvarellos, un minuto.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señora alcaldesa. Mire, señor Carballo, eu non quero darlle ningunha clase de ética, ese non é o meu cometido nin tampouco era a miña intención, ningunha clase de ética. Pero si quero

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac581661296680011557.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-12-2021

darlle clases de elegancia, de moderación e mesura na expresión, por respecto ao lugar no que estamos.

Dito isto, creo que estes orzamentos do ano 2022 poñen en cifras económicas a aposta do Concello de Lugo por unha cidade que se recoñece no seu pasado, pero tamén nun futuro industrial esperanzador que impulse a actividade económica. Unha cidade cuxa calidade de vida se sustentará nunha aposta constante e decidida a favor duns robustos servizos públicos. Unha cidade que quere ser un referente de integración do urbano coa súa contorna rural, que quere ser atractiva para quen viva aquí pero tamén para todos aqueles que nos visitan e para todos aqueles que aposten por negocios ou por empresas, ou actividades vinculadas á economía verde, á innovación e ao progreso.

En definitiva...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas a todos e a todas por esas intervencións.

Falaban de desavenencias do Goberno e eu creo que desavenencias podémolas ver en Castela e León ou en Madrid, que vemos que non chegan a termos e adiantan eleccións para precisamente botar algún socio de Goberno.

Nós temos un Goberno de coalición, un Goberno que segue unha folla de ruta, unha folla que nos marcamos cun reparto de áreas, non só de orzamentos, señor Carballo, senón un reparto de áreas pola representación que temos no Goberno; e esa é a folla de ruta que estamos a seguir, que dá continuidade á transformación iniciada no pasado mandato, e moitos dos proxectos que se están desenvolvendo xa veñen do pasado mandato.

Falamos de ingresos inflados, dicía vostede, señor Carballo; se foran eses ingresos inflados non teríamos débeda, mostra manifesta de que non é tal e que á parte non hai parte máis técnica do orzamento que os propios ingresos, porque veñen definidos polos técnicos. A parte de gastos é onde entra a parte política, onde destinamos esas inversións e onde nós focalizamos as prioridades para este exercicio 2022, que é o que se está a traballar, a folla de ruta para este exercicio 2022, para seguir coa folla de ruta do que queremos para este mandato. E, como moi ben lle dixo a concelleira de Economía en canto ás propostas que veñen de presentar tarde e mal, porque, se houbera interese, teríanas feito con anterioridade e á parte tamén dicindo que orzamento lle dedica a cada partida, porque isto de reservar partidas para..., diga vostede para que e canta financiación e de onde a saca tamén, porque o orzamento é o que é e vai en función dos ingresos; é dicir, de onde para que, e ese traballo evidentemente non o ten feito.

En todo caso, moitas delas como xa lle dixo, unha son o ben cometido da Xunta de Galicia por competencias ou xa estamos a facer a inmensa maioría delas, ou xa se contempla tamén no propio orzamento, pero en todo caso solicitáballe á propia concelleira de Gobernanza que fixera ese reivindicación nos orzamentos da Xunta aínda sen aprobar. Pero a verdade é que, despois de ter lido esa entrevista que fixo vostede nos medios, déixanos a todos bastante descolocados e incluso ata, se me permite, preocupados, porque ante a pregunta de que lle aporta á cidade o ser deputado pois persoalmente –di vostede– “non podería dicir o que”. Pois ten mañá

unha oportunidade boa de dicir o que e para que, sobre todo para Lugo, que ese é o seu cometido como portavoz da provincia. E, polo tanto, é o que lle pedimos encarecidamente, que faga algo a prol da nosa cidade.

Como se dixo aquí que non se tivo coñecemento máis que polos medios, antes de dar esa rolda de prensa que se deu, efectivamente, tivemos o Consello Económico e Social, onde forman parte tamén os concelleiros onde o portavoz de Cidadáns estaba presente e trasladáronse alí as liñas xerais deste orzamento con ingresos e gastos, onde se falaba tamén das distintas incorporacións que imos ter por parte doutras administracións, que, como non están concedidas a día de hoxe, que recibiremos, non se poden contemplar no orzamento, pero estamos a falar de que imos ter un capítulo 6 superior aos 20 millóns de euros. E isto díxose tamén no Consello Económico e Social, onde o seu grupo, señora Louzao, participou e puido incluso preguntar algo se cría oportuno, que non o fixo, entendendo que estaban de acordo ou que entendían o que se trasladaba e, polo tanto, iamos ter eses ingresos. Cando falan deses cartos que vostedes desprestixian tanto, que se protocolo, que se ten esa partida presupostaria, pois, mire, para facer así moi, moi por riba a pinceladas: as Medallas de Ouro da cidade, o Centenario do Parque Rosalía, os Corpus, a Ofrenda, a Semana Santa, o San Froilán cando receptionamos o pregoeiro ou a pregoeira que corresponden cada ano; os detalles que entregamos cando facemos recepcións a deportistas. Por certo, todos e cada un deles vostedes participan, porque como Corporación estamos todos invitados evidentemente, e vostedes participan. Polo tanto, deberían saber todo o que se realiza en cargo a esas partidas.

Pero hai unha cousa que si me preocupa, que é a seguinte, que falen vostedes de que non hai cartos para a praia fluvial; díxoselles por activa e por pasiva, xa ía nos orzamentos, xa ía os orzamentos, polo tanto non require que vaia no exercicio 2022. Haberá sorpresas antes de que finalice o ano. Pero falamos do Auditorio; igual, é que xa está presupostado, xa hai un recoñecemento de crédito que despois se fará na incorporación de remanentes, porque xa teñen o orzamento. Igual que o das Caldas ou Impulsa Verde, que están financiados con fondos europeos, é que amosan un descoñecemento tal que é ata preocupante, que hai cuestións que se incorporarán porque xa teñen a consignación presupostaria e non teñen que ir ano tras ano.

Saben que partidas van ano tras ano nos orzamentos? Aquelas que non se executan: Plan Paradai, ronda Leste, estas son as que van ano tras ano na Xunta de Galicia porque non se materializan, porque non se comprometen e polo tanto teñen que ir. No Concello de Lugo non, xa se fará a incorporación porque xa están consignadas a eses proxectos finalistas; e que despois fale vostede de saneamento e abastecemento no rural, cando a Xunta nos deunos cero euros a pesar do canon, que é finalista, que é precisamente para financiar eses proxectos, para financiar os distintos concellos e non só os concellos do PP, señor Carballo, todos os concellos. O Concello de Lugo fai un grande esforzo neste canon finalista que reverte na Xunta e que despois a Xunta non reverte nin un só euro no noso Concello, e podería estar así falando doutras moitas cuestións.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac581661296680011557.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-12-2021

Pero o importante destes orzamentos é que son uns orzamentos igual que os do ano 21, porque estamos nun momento en que segue sendo moi complicado, moi difícil, seguimos cunha pandemia e segue estando aí presente e latente, que nos está afectando e moito; seguimos cuns orzamentos expansivos e solidarios, igual que foron os do ano 21, uns orzamentos pensados para a recuperación da nosa economía, porque coa recuperación da economía tamén fornecemos ese potente escudo social que levamos desenvolvendo desde que se iniciou a pandemia, non só o que xa levabamos feito, porque sempre foi un pilar fundamental para o Goberno deste Concello durante os últimos anos, durante moitos anos, que fai un importante esforzo na protección social, pero agora xa fai de escudo e potente socialmente para que non quede ninguén atrás nesta situación complicada, e facémolo a través da recuperación e da diversificación económica, querendo non só mantermos, aguantar este tirón, senón saír fortalecidos despois unha vez que temos superado esta pandemia, como digo, tan difícil e tan complexo.

E todo isto facémolo sen perder de vista esa segunda gran transformación da nosa cidade iniciada no ano 15, iniciada con fondos europeos e complementada cos orzamentos ano a ano, e estes orzamentos tamén están pensados para facer esa segunda gran transformación da nosa cidade, cun modelo claro de cidade, porque se pode compartir ou non; agora, que hai un modelo claro de cidade creo que ata calquera cidadán de calquera parroquia, sexa máis preto da cidade ou máis alonxada, ten claro que modelo de cidade estamos a traballar e queremos acadar, e faise a través das pequenas e grandes actuacións que levamos feito, ben con fondos europeos ou ben a través dos propios orzamentos, e polo tanto temos ese modelo de cidade claro que está pensado e baseado nas persoas, nos veciños e veciñas de Lugo, por iso este ano 2021 queremos que estes 16876755,64 euros vaian pensados por e para os cidadáns de Lugo, por e para a veciñanza, por e para seguir mellorando a nosa cidade e seguir facendo crecer a cidade de Lugo...

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcadesa dá por rematada a sesión, sendo as dezasete horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día vinte de decembro de dous mil vinte e un, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excma. Sra. Alcadesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.